



Desde esta semana, todos os anuncios publicados no Diario Oficial de Galicia están dispoñibles no móbil. A aplicación pode descargarse gratuitamente de Google Play Store para Android e de iTunes para iOS. A aplicación do DOG actualízase de xeito constante coa reutilización da información procedente da edición electrónica do Diario Oficial de Galicia que se publica no portal [www.xunta.es](http://www.xunta.es). Está dispoñible tanto en galego como en castelán.

## **A partir desta semana o Diario Oficial de Galicia pode consultarse no m3bil.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 07 Xaneiro 2014 12:53

---

A aplicaci3n permite consultar a informaci3n dispoñible no DOG do mesmo xeito que se far3a a trav3s da web, coas opci3ns de acceder ao 3ltimo diario dispoñible, realizar unha busca para unha data concreta e consultar o contido directamente na aplicaci3n e descargalo en formato pdf.

### **Novas funcionalidades**

Ademais, o DOG para dispositivos m3biles abre unha serie de posibilidades novas para que a persoa usuaria escolla os anuncios do seu interese. Poden filtrarse por secci3n (disposici3ns xerais, autoridades e persoal, anuncios...), por rango (lei, decreto, orde, resoluci3n...), por 3rea tem3tica (ensino e formaci3n; medio ambiente; ciencia e tecnolox3a; econom3a, empresa e emprego...) e por colectivo ao que van dirixidos (aut3nomos/as, desempregados/as, empresas, emigrantes, pais e nais...). A funci3n "favoritos" permite ter sempre a man os anuncios de especial relevancia para cada persoa usuaria.